

É o meu corpo (Amanda)



Tes 14 anos e estás a repetir 2º ESO. Notas moito a diferenza de idade, sobre todo coas mozas, que parecen máis a túa avoa que unhas compañeiras. Raquel é a xefeciña da clase, crese moi feminista e liberal, pero fai sempre o que lle di a súa mamá e o seu papá. Ela encárgase de que ningunha das outras mozas de clase sexan as túas amigas, sobre todo Elisa, coa que comezaras ter algo de amizade. Son unha cuadrilla de nenas pequenas, non che interesan para nada, xa ao principio de curso saíches dos grupos e pasas de quedar con elas!

O que pasou a semana pasada foi xa a pinga que colmou o vaso, que se pensa a niñata esa!, é unha envexosa!. Subiches unha foto a Instagram na que saías guapísima e ela, ao ver que os niñatos da vosa clase comezaron dicirte o guapa que estabas, entrou en cólera e escribiu que as mulleres coma ti son as persoas que máis dano fan á sociedade e que lle dabas pena, moita pena!, que quede tranquila, que a ti os niñatos non che gustan en absoluto!

Que se pensa a niñata esa? Como ela nin ten corpo nin ten cara para saír tan guapa nunha foto, sente envexa de mulleres coma ti, que nin tedes complexos nin vos sentides menos ca os homes.

Cando chegaches a clase ao día seguinte fuches dereita a ela, a moi covarde alí quedou, coma se non fora con ela o asunto. Entrou o profesor e, ao vovos, díxovos que quizais non vos viría mal ir a mediación. Como tes xa un par de faltas leves por interromper en clase, decides aceptar, que gañas tes de deixar dunha vez o instituto! Queres que che pida desculpas e que respecte que fagas o que queiras co teu corpo, que para iso é teu.



É o meu corpo (Raquel)



Tes 13 anos e estás en 2º ESO. Desde que Amanda está en clase (repetiu este ano e tocoulle convosco), todo cambiou. Antes erades unha clase moi activa, organizabades quedadas para estudar, para ir ao cinema... desde que está ela na clase todo cambiou. Paréceche unha moza que ou chama a atención, ou chama a atención, parece que non é capaz de vivir sen que lle digan o guapa que está ou o ben que lle queda a súa roupa. E di que a niñata es ti! As demais mozas de clase, nun principio, empezaron querer copiala, incluso Elisa, a túa mellor amiga. E os mozos pasan o día babeando.

Ti pasaches moito do tema ao principio, aínda que podía notarse perfectamente que Amanda non che gustaba. Mentres as demais facíanlle a onda por cada novo modelíño, ti pasabas do tema.

Todo empezou cambiar por un problema que houbo no grupo de whatsapp da clase, os mozos empezaron dicindo que por que non subiades vós tamén fotos como as de Amanda a Instagram, sobre todo puxéronse pesados con Elisa, a túa amiga, que é unha moza moi guapa. Elisa ata saíu do grupo. Cando entraches ao grupo despois do teu adestramento de baloncesto e viches tantas mensaxes, pensaches que había un exame e non te enteraras pero... cando empezaches ler o que lle estaban dicindo, anoxásteste moitísimo, como podían faltar así ao respecto a Elisa? Se a coñecen desde preescolar! Es a administradora, así que convidaches de novo a Elisa e, cando entrou de novo, escribiches unha mensaxe durísima defendéndoa, por suposto e dicíndolles ás outras mozas que xa lles valía, non saír defendela, que se non sodes anacos de carne en exposición, que se.... unha chea de cousas. E que ese grupo era para falar de cousas de clase. Quen queixera falar doutras cousas, que formase outro.

Desde entón, todo parece que acougou, pero o outro día cometiches un erro, quixeches ver as fotos que Amanda subía a Instagram e só viches unha, que colgara ese mesmo día, tiña unha chea de comentarios que nin viches. Era unha foto nunha cama, en roupa interior. Non puideches evitar comentala, dicindo que eran mulleres como ela as que facían máis dano á sociedade e que che daba moita pena. Ao día seguinte xa sabías o que ía suceder, era o que ela quería, o que levaba buscando con cada insulto que che dicía, foi directa a ti... arrepínteste de entrar ao xogo. Cando o profesor chegou e suxerívos ir a mediación pareceche unha gran idea, queres deixar claro que ela pode facer o que queira co seu corpo, pero... que non a todos vos vai gustar o que fai.

Polo amor dunha muller (Robe)



Saes con Laura desde hai 3 meses. Gústache moitísimo. É unha moza moi guapa, divertida, amable... É nova no centro e a moitos dos mozos do Instituto tamén lle gusta. Non paran de comentar as fotos que sobe ao Instagram, mesmo chegan dicirlle que non entenden por que sae contigo, que podería estar con tíos mellores. A ti moléstanche estes comentarios, así que cada día entras menos ao Instagram para non ter que lelos. Laura sempre te defende e di cousas moi bonitas sobre ti.

A semana pasada subiu unha foto na que saíades xuntos. Avisou de que ía subila, ti pedícheslle que non o fixese, que para que... pero ela insistiu. O caso é que os comentarios multiplicaron por mil, que se eras un friki, que se como podía ela estar cun tío así... ela chamoute agoniada, preguntándoches que sentías. Entraches ao Instagram e viches algo co que non contabas. Que unha chea de meniños guaperas digan bobadas sobre ti ou sobre a túa noiva, pois bueno, lévalo, pero Raúl? non dabas crédito! Pero se é o teu amigo, case o teu único amigo. Estadades xuntos no grupo de teatro do Instituto, ides a Urban dance xuntos, compartides gustos musicais, gústavos ir ao cinema xuntos... Incluso a foto que Laura colgou foi do día en que fuches a recollela cinema. Poñían "La tortuga roja", tiñas unhas ganas tremendas de vela, pero como quedaras con Raúl para ir, dixécheslle que non a Laura, que fose cunha amiga. Agora irás só, sen Raúl e sen Laura.

Non pensas perdoarlle o seu comentario na foto: "Xa cansará del, non vos preocupedes, despois de todo é un falso". Doeuche tanto que desde entón nin lle falas.

A profesora de Matemáticas (que pertence tamén ao grupo de teatro do Instituto), como viu o cambio na vosa relación, suxeriuvos ir a mediación para resolver o problema. Pensas que hai pouco que resolver. Ti estás ben con Laura e a el, como a todos, gustaralle tamén. Pero bueno, recoñeces que lle botas de menos e que non che mola levarte mal con el, sodes amigos desde fai tanto....



Polo amor dunha muller (Raúl)



Coñeces a Robe desde pequenos, sempre fostes a todas partes xuntos, compartides gustos, aficións, ides a teatro, a Urban dance, escoitades música xuntos... Ou así era, agora todo isto pertence xa ao pasado.

Desde fai uns 3 meses sae con Laura, unha moza que acaba de chegar ao centro. Parece moi boa tía e é moi simpática. Lévaste bastante ben con ela, pero... desde que Robe está con ela, xa case non ten tempo para divertirse contigo como facíades antes.

O que pasou a semana pasada foi de traca xa, iso só quere dicir que a vosa amizade está rota. Levabades moito tempo esperando a estrea de "La tortuga roja", dinvos frikis, pero orgullosos estabades xuntos de selo. Non adoitas entrar no Instagram, pero Marco, un amigo dun chat, preguntouche que que tal estivera "La tortuga roja". Dixécheslle que aínda non forades e el díxoches: "Pois Roube si, mira o Instagram da súa noiva". Cando entraches para velo, non podías crelo, alí estaba a foto de Robe con Laura, saíndo do cinema, co cartel da tartaruga vermella detrás. Pareceute horrible, nin te avisou tan sequera, así que co enfado comentaches ás bastadas que, como sempre, din en Instagram sobre o teu amigo, que non se preocupen, que pronto Laura ía decatarse do falso que é.

Sempre estivestes xuntos, erades os dous frikis do instituto e os demais non se cortan á hora de dicirvos o que pensan de vós. Para ti Robe era moito máis que un colega, era un irmán.

Desde que comentaches esa foto non vos falades, pero mellor así, mellor que sentir puñaladas por detrás.

A profesora de matemáticas, que vai convosco a teatro, vendo o raros que estabades, suxeriuvos ir a mediación. Boa idea, así polo menos poderás dicirlle o que pensas á cara.

Odio os traballos en grupo (Rocío)



Os profesores son do que non hai! mándanvos facer traballos en grupo e, nada, a safarvos... Este último traballo que vos tocou facer non tiña nada de mala pinta, tocouche cun grupo que parecía simpático e responsable, sobre todo porque estaba Sergio, un mozo que te cae moi ben e que sempre saca moi boas notas, pero vese que está a cambiar ou algo, porque foi un desastre durante todo o traballo, non entregou nada, nin a tempo nin a destempo e os demais tivestes que facer a súa parte do traballo. Claramente suspendestes todos, aínda que ti pensas que o suspenso debería ser só para el. Velo moi inxusto, sobre todo porque el é capaz de facelo e moito mellor ca todos os demais xuntos.

Noutros traballos que che tocou con el, moitas veces tivestes que facer vós solos todo o traballo, pero bueno, era divertido para ti quedar con Sergio para facer traballos, porque para outras cousas non queda con ninguén. Moitas veces dixécheslle de quedar e sempre puxo excusas, que se non podía, que tiña que ir a casa, que se... sempre excusas! E, os traballos, sempre na túa casa, el vive nun casoplón, pero non convida a ninguén.

Cando chegastes co traballo e viu que non fixerades a súa parte, púxose medio tolo e, claro, ti tampouco calaches, que se cre? por que tes que facer ti o seu traballo? Dixovos que erades uns niños, que non sabíades o que é a vida e que mil veces tivo que facer el os traballos de todo un equipo. Aí ti xa perdistes os papeis e preguntácheslle que cando tivo el que facer a túa parte do traballo e el tivo o morro de lembrarche que unha vez, cando estiveches enferma. Iso xa che pareceu o colmo, que se supón que ías facer con 40 de febre e na cama?. Co ruído que fixestes, entrou o director, levovos ao despacho e suxerívos ir a mediación... a ver por onde sae... desde logo, razón non ten. Ti sempre es responsable nas túas tarefas, sempre fuches moi amable con el. Defraudouche unha chea.



Odio os traballos en grupo (Sergio)



A túa vida nunca foi fácil, mentres os teus amigos quedan para ir dar unha volta, para ir ao cinema, para facer deporte, ti non podes. A túa nai está bastante enferma desde hai xa tanto tempo que nin te acordas e o teu pai ten que traballar moi duro para poder manter á familia. Como a túa nai non pode nin saír polos seus propios medios da casa, era a túa avoa a que se encargaba da compra, da comida, de ti, da túa irmá e ti axudábaslle en todo o que podías. Ti isto nunca llo contaches a ninguén no Instituto, é o único sitio no que a xente te trata normal, e estás canso de que noutros sitios te vexan sempre con cara de pena.

A semana pasada mandáronvos facer un traballo en grupo. A túa avoa púxose enferma e tiveron que ingresala no hospital. Tiveches que facerte cargo de todo, da casa, da túa irmá, da túa nai. Esta semana o teu pai foi a Servizos Sociais para pedir algún tipo de axuda, e iso a ti dáche medo, porque pensas que todo o mundo vaíse decatando do que vos sucede.

Estabas tranquilo, porque Rocío estaba tamén no equipo. É unha moza na que confiabas unha chea, moitas veces estiveches a piques de contarlle o que che pasaba, pero sentíaste tan a gusto con ela, que non querías que iso cambiase. Encantábache facer os traballos grupais con Rocío, ías á súa casa, os seus pais eran alegres, amables... Non te esperabas que fixese o que che fixo. De Rocío, non, non o esperabas. Despois desta semana horrible, o venres, o día de entregar o traballo, viches que o entregaban coa túa parte sen facer. Ti nos traballos en grupo que te tocaron sempre, sempre, tiveches que facer a túa parte xunto coa de outros compañeiros, que pasaban de todo, incluso unha vez fixeches a parte de Rocío, porque se puxo enferma... son uns desgraciados! Sobre todo Rocío. Púxecheste como un tolo na clase, estás xa a piques de explotar, crees que terás que deixar de estudar, porque na casa necesítanche máis que en ningún sitio, sénteste desbordado.

Montastes tanto batifondo, que o director vos levou ao despacho e propúxovos mediación. Como é un lugar no que se respecta a confidencialidade, por fin poderás falar do que te está a pasar cos mediadores, outra cousa é que llo contes a Rocío... ela non o merece.

O “acusón” (Gabriel)



Crees que todos os teus compañeiros trátanche fatal, sen motivo algún. Ti consideras que es unha persoa responsable e que fai o que se debe facer. Chámanche “acusón” continuamente, sexas ti o que conte algo aos profesores ou non. Iso si, cando o fas, antes avisas de que se continúan o vas contar. Pero... “colle a fama e bota a durmir”.

Crees que hai cousas que deben contarse, sobre todo se afectan a persoas que non saben como defenderse. Ata os profesores ás veces nin che fan caso xa, dinche “Bueno, Gabriel, que se arranxen, que xa tedes idade”.

A ti dáche igual quen copie ou quen deixe de copiar, quen faga trampas nun exame... pero, se ves que se meten cun compañeiro/a, pídeslles que paren e, se non o fan, avisas de que o vas a contar e, se non paran, cóntalo. Ás veces iso trae problemas a algún compañeiro, pero... non te consideras culpable, ti fas o que cres que debes facer e, se non queren problemas, que deixen de comportarse como imbéciles.

Non sabes moi ben que pasou, pero a semana pasada Jorge foi cara ti feito unha furia, chamándote “acusón”, dicíndoches que te meteses nos teus asuntos, insultouche, ameazouche... ti preguntácheslle que por que estaba así, e el só che dixo “xa... coma se ti non o soubeses, metíchesme nun batifondo que non vexas, vou facer a túa vida imposible, xa verás, xa verás, que ti non sabes con quen te estás a meter”. Por máis que preguntaches aos teus compañeiros, ninguén che di nada, nin pío, coma se non estiveses. Como non tes nin idea do que pasou e queres sabelo, solicitaches unha mediación.

Sobre Jorge non sabes moito, é un compañeiro bastante tranquilo, nunca se mete con ninguén, un gran deportista e parece un rapaz moi simpático, non entendes que puido pasar.



O “acusón” (Gabriel)



Estás moi enfadado con Gabriel, anoxadísimo. Xa todos dicían que era un acusón, pero ti nunca entraras ao trapo nesas conversacións, pasas deses temas, pero vai ser que todos tiñan razón e esta vez a súa falta de compañeirismo tocouche a ti.

O xoves pasado tivestes un exame de francés, unha materia que nin che gusta nin se che dá ben. Gabriel é boísimo en francés, así que te colocaches ao seu lado e copiácheslle no exame.

Aos dous días a profesora chamoute ao seu despacho, díxoche que se decatou de que copiaras a Gabriel e que, por tanto, tiñas un cero no exame. Ese cero supón un suspenso na túa avaliación e, por tanto, non che deixarán ir á competición de fútbol que se organiza para a Semana Santa. Estabas desexoso de ir, por iso decidiches facer trampas, pero ese acusón tivo que contalo, e iso que fixeches todo o posible para que non se dera conta de que lle estabas copiando.

Non sabe a que lle espera, todos os da clase están contigo, todos che contaron como xa os acusara a eles. Gabriel... aínda ten o morro de preguntar que que fixo!! Increíble, que falso é, é un acusón, pero vaise arrepentir. Ata agora sempre o defendiches, porque pensabas que, cando acusaba, avisaba, pero non... avisa cando lle convén, a ti non che avisou.

Tiveches unha boa rifa con el, quedou como asustado, ti es unha persoa que vai de fronte, non como el, cravando coitelos nas costas.

Hahaha.... pediu unha mediación, debe de estar asustado perdido. Ti non pensas facerlle nada, simplemente o que lle dixeches aos teus compañeiros é que pasaran del, coma se non existise. Xa se di iso de “non hai maior desprezo que non dar aprecio”. E iso pensas facer na mediación, seguro que o nega, xa... seguro, se todo o mundo sabe que é un acusón.

Nada máis que facer (María)



Que pesada che parece Alba! Sempre colgada do móbil, parece que non puidese vivir sen el. Que faga o que queira, pero estás ata as orellas de que use o grupo de whatsapp de clase para estupideces que non veñen a conto. Aos demais débelle gustar, porque lle entran ao trapo e, ao final... pois cando chegas a casa tes centos de mensaxes, cada cal máis parvo.

O outro día faltaches a clase, e necesitabas que no grupo che mandaran fotos de apuntamentos e demais, a túa petición quedou nalgún lugar entre os centos de mensaxes, porque ninguén che fixo caso, todo o mundo falaba das estupideces que colgaba Alba. Es a administradora do grupo da clase e estiveches a piques de expulsala ese mesmo día. Ao final te contiveches e decidiches chamar persoalmente a varios compañeiros para que che pasasen os apuntamentos por privado, pero crees que iso non é así, que o grupo de clase é para tratar temas da clase e non bobadas.

Cando chegaches a clase ao día seguinte, alí estaba Alba, sentada sobre a súa mesa, co móbil entre as súas mans, como tola tecleando e vendo para a porta. Achegácheste para dicirlle que tiñades que falar, que o grupo de clase non é para falar de bobadas e que, se o seguía facendo, expulsaríala do grupo.

Esa tarde foron moitos no grupo contra ti, outros posicionáronse contigo, menos mal, seguen existindo persoas intelixentes!, que non leas se non queres, que se es unha "chapona"... moito batifondo.

Solicitaches unha mediación porque ten que haber algunha forma de solucionar o conflito que se creou. Ou ben se fai ela administradora doutro grupo e nel falan de cousas que non teñan que ver coa clase, ou ben a botas do grupo e punto. Non estás disposta, como administradora a que nese grupo falen de cousas que non veñen a conto.



Nada máis que facer (Alba)



As persoas como María sempre che fixeron moita graza. Queren ser as xefas de todo e que os demais fagan o que elas queiran. Como é a administradora do grupo de whatsapp da clase, crese que pode decidir de que se fala e de que non se fala alí, mesmo ameaza con botarche se non accedes falar do que ela quere. É unha ditadora aburrida.

Xa tedes que estar na clase caladiños e sen falar unha chea de horas ao día, como para nas redes sociais seguir con ese formalismo. Ela di que non se pode falar de máis cousas que non sexan deberes, traballos, exames... hahaha... que relaxe, que a vida tamén está para vivirla!

Ti non é que pases de todo, nin moito menos, aprobas todas as materias, fas as túas tarefas, estudas, pero... as redes sociais encántanche, sénteste como peixe na auga e todo o tempo do que dispós invístelo en manexarte por elas. Non creas mal corpo, nin moito menos, todo o contrario, sobes cousas graciosas ou de actualidade, para comentalas. Non entras en críticas nin che interesa crear malos ambientes, a ti iso non che gusta e non ves onde está o problema.

Claro que o grupo de clase tamén serve para falar sobre exames, traballos, tarefas, pero estar sempre co mesmo é de tolos, sodes xoves tamén e necesitasdes desconectar un pouco, para iso son as redes sociais.

Onte chegouche unha notificación para dicirche que María solicitaba unha mediación contigo cun tema relacionado coas redes sociais. María e os seus formalismos! Ata que creou mal corpo na clase non parou, a semana pasada achegouse a ti á primeira hora, medio tola, para dicirche que deixases de mandar "gilipolleces" ao grupo de clase e ameazouche con expulsarte se o seguías facendo. Pero bueno! que se cre a presidenta por ser a administradora, hahaha... ao final creou un mal corpo que non vexas, xusto o que a ti non che gusta que suceda nas redes sociais. Vas a mediación por ir, non pensas cambiar.

Uns pantalóns axustados (Martina)



Antonio tenche xa moi cansa. A ti encántache vestir mallas, sonche moi cómodas para estar todo o día sentada na clase, pero ultimamente xa o pensas antes de poñelas e todo polo parvo que se pon Antonio e todo o que che di, que se “estás boísima”, que se “que ben que che quedan eses pantalóns” que se “ultimamente non as pos tanto”... crese moi gracioso ou algo. O peor é que outros están a entrar tamén a este xogo, que a ti che ten moi encabuxada.

Amólache sobre todo porque xa non as pos, e iso cabréache moito, verte aí, sentada, incómoda, pensando en que ninguén ten o dereito de facerte sentir mal por poñer tal ou cal pantalón. A semana pasada xa cansaches e dixeches, á porra! que diga o que queira! Puxeches unhas mallas para ir ao Instituto... foi peor do que imaxinabas!, de súpeto, viches como unha chea de mozos achegábanse e dicíanche unha chea de “gilipolces”, ata sentiches un pouco de medo. Menos mal que Marcos, o teu amigo de toda a vida, sacoute de alí e levoute ao despacho de orientación, para falar coa orientadora e contarlle o que che estaba pasando.

A orientadora, que coñece a Antonio, pensa que é un mozo moi sensato e creu que poderíades solucionar a cunha mediación. Díxonos que estaba moi sorprendida co que lle estabamos contando, pero que estaba claro que ese comportamento por parte de Antonio era inadmisíbel, que de momento ía falar persoalmente con el, para que parase hoxe mesmo e ía poñerse en contacto co equipo de mediadores para facer xa a premediación no recreo de hoxe. Preguntouche se estabas de acordo, que entendería que non o estiveses, porque ese comportamento era do todo inadmisíbel. Aceptaches, prefires solucionar de forma pacífica. Ademais, confías na orientadora e se ela defende así a Antonio, quizais hai algo que ti non sabes.



Uns pantalóns axustados (Antonio)



Esta mañá chamáronte ao despacho de orientación. Coñeces a orientadora porque, por temas familiares, segue o teu caso desde hai anos, desde que chegaches novo ao centro. Criches que era para falar dunha bolsa que solicitarades. Cando chegaches, estaba como enfadada. Sentaches e contouche que estabas anotado para unha mediación con Martina, como favor persoal, porque o comportamento que tiveras con ela, era de todo inadmisíbel, era obxecto de sanción, pero, como ela sabía as circunstancias persoais que estabas a pasar, fixera unha excepción co teu caso e solicitaba unha mediación en lugar dunha apertura de expediente, que era o que debería facer. Quedaches de pedra.

Martina é unha moza que che gusta desde que chegaches e fasllo saber dicíndolle o guapa que está coas súas mallas, o ben que lle quedan... é unha moza moi natural, non como outras, que se esforzan por vir guapas a clase, Martina non, non lle fai falta, a ti non cho parece. Levaba xa moito tempo sen poñer mallas e hoxe púxoas de novo. Alucinaches, unha chea de mozos puxéronse ao seu redor dicíndolle o boa que estaba con esas mallas. Ías ir defendela, cando viches que xa o facía Marcos, que a sacaba de alí. Faltaron a esa clase e, xusto despois, a orientadora chamouche ao seu despacho.

A orientadora explicouche o que era unha mediación, díxoche que era un lugar no que poderías contar o que quixeses, porque todo alí era confidencial, quizais chegara o momento de contar aos teus compañeiros/as por que vives só coa túa nai, onde está o teu pai e por que. Preguntouche se tiñas ganas de contalo e a verdade é que si. Estás empezando a pensar que quizais o que ti considerabas piropos, eran vistos por Martina doutra forma. Quizais non saibas comportarte cunha moza cando che gusta. Quizais te parece un pouco ao teu pai. A orientadora tranquilízate, diche que non é iso, que te coñece e que non é iso, é só que tes que aprender como se trata ben ás mulleres, que vas pasar un momento duro en mediación, pero que está segura de que Martina, como é, pode ensinarche e vaiche entender.

Os deberes son deberes (Pablo)



O morro que ten Emma é descomunal. Sempre igual, que a deixe copiar os meus deberes, que se o seu irmán, que se a súa nai, que se... sempre trae unha escusa para non facelos e querer copiarchos. Estás canso xa. Xa non vas deixarllos máis e punto, ten que respectar a túa decisión. Os deberes fixéchelos ti e ti decides se deixas que chos copien ou non.

O outro día, que fostes de excursión, xa che pareceu o colmo do morro. É que non se pode ter máis morro. No bus, coincidiuvos sentarvos xuntos, ela non paraba de beber algo dunha especie de "cantimplora", pedícheslle un grolo, porque se che esqueceu levar e... díxoche que non, que non podía. Coma se lle dese noxo que bebeses pola súa botella. Despois estivo toda a excursión pasando de ti e á volta, sentou con outro, cando o normal é ocupar os mesmos sitios.

Deixáchelo correr, sempre pensaches que era algo escrupulosa, pero desde entón non para de falar mal de ti ás túas costas, que se es un mentireiro, que se esqueces todo... contároncho uns amigos no recreo, que tamén che dixeron que tiveses coidado, porque se dicía que tiña unha enfermidade contaxiosa.

Cando chegaches a clase, Emma tivo o morro de pedirche os deberes de lingua, así como se tiveses a obrigaón de deixarllos, coma se llo deberas: "Pablo, déixame os deberes de lingua para copiar". Indignácheste moitísimo, pero que se cre?, díxecheslle que nin de broma llos ías deixar, que que se cría e ela gritouche tamén, e parecía unha mosca morta, que se eras un mentireiro, que se ela sempre tiña que deixarte o que se che esquecía... que eras un pésimo amigo e que antes de supoñer algo, que comprobases que era certo.

Quedaches abraiado. A profesora de lingua chegou e aconsellouvos ir a mediación. Accediches.



Os deberes son deberes (Emma)



Crías que Pablo era amigo teu. E que faciades un bo equipo, el sempre se esquece de traer unha chea de cousas (bolígrafos, goma, tippex, materiais de debuxo... todo, esqueceo todo) e ti sempre llos deixas. A cambio, el déixache copiar ás veces os deberes cando non podes facelos.

Na excursión da semana pasada, sentástesvos xuntos e el, como sempre, esqueceu levar o típico, cousas para comer algo, para beber. Compartiches con el o teu xantar, pero cando che pediu que lle deses un grolo, tiveches que dicir que non. Ti es diabética e debes ter moito coidado con non coller unha gripe ou un arrefriado, xa que iso fai que se che complique o nivel de glicosa. Non podes deixar que ninguén beba polo teu vaso. O médico díxoche que a probabilidade de contaxio nese caso é moito maior que só compartir o ambiente, que xa é perigoso para ti.

Non tardou nin medio minuto en dicirlles a todos que ti tes unha enfermidade contaxiosa. Foi saír do autobús e un grupo de compañeiros dixéronche que non te achegases, que eras contaxiosa, desde entón o bulo non fixo máis que crecer, ti defendícheste como puides, dicindo que Pablo é un mentireiro, que é un descoidado e un aproveitado, pero nada fixo que parase o bulo. A ti isto non che vén nada ben para a túa enfermidade e estás moi enfadada.

O outro día subiuche moitísimo o nivel de glicosa e tiveches que pasar a tarde no hospital, non puides facer os deberes de lingua, así que llos pediches a Pablo, que menos, despois da que montara! Quedaches asombrada, despois de soltar un bulo tan grande e falso sobre ti, de provocarche unha subida de glicosa e de aproveitarse de ti case cada día,,, diche que nin de broma chos vai deixar. Púxecheste tan nerviosa que non sabes nin o que dixeches, nin viches entrar á profe de lingua, que vos aconsellou ir a mediación. Xa, xa se decatará, pénsaslo dicir todo moi clariño. A diabetes non é contaxiosa, é un ignorante, son os demais quen poden contaxiarte a ti.